

MESA SECTORIAL DO DÍA 17 DE MARZO DE 2021

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O 15 DE DECEMBRO DE 2020 E 2 DE MARZO DE 2021

Apróbanse as actas das sesións referidas unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE DESENVOLVEN DETERMINADOS ASPECTOS DA ORDENACIÓN ACADÉMICA NAS MODALIDADES DEPORTIVAS DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL IMPLANTADAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Para ANPE Galicia o documento presentado está moi na liña do que se recolle no Capítulo VIII da LOMLOE.

En cuestións do articulado:

No artigo 3 apartado 3 botamos en falta unha redacción que faga referencia a que dentro do calendario escolar se respecte a especificidade de horas de cada ciclo en concreto. No apartado 7 do mesmo artigo propoñemos a seguinte redacción para evitar a duplicidade co recollido no apartado 5 e mellorar a claridade do texto: “os dous ciclos, inicial e final, poderán realizarse no mesmo curso”. **A Administración resposta que xa o recolle a Orde do Calendario Escolar. Con respecto á redacción do apartado 7 considera a Administración que a redacción proposta por ANPE si mellora a claridade do texto polo que será modificado.**

No artigo 8 apartado 4 desde ANPE Galicia consideramos que establecer un horario tan pechado pode coartar determinadas actividades polo que propoñemos deixalo máis aberto. No apartado 10 do mesmo artigo solicitamos que se cambie “poderá” por “deberá”. **A Administración cambiará “poderá” por “deberá”.**

No artigo 17 deben recollese explicitamente as funcións e non que se remita para velas a outra parte do documento. **A Administración modificará esta cuestión de forma do documento.**

No artigo 42.7 solicitamos unha aclaración á Administración sobre se o cambio de permitir presentarse ás probas de avaliación extraordinaria no caso de perda de avaliación continua é intencional ou non xa que, ata o de agora, só se permite á ordinaria.

Desde ANPE Galicia trasladamos a inquedaanza do profesorado da especialidade de Fútbol que manifesta que segundo o recollido no Real Decreto 1363/2007 na súa Disposición Adicional Segunda establécese o requisito de acreditar unha experiencia adquirida despois da obtención do título de Técnico Deportivo, como adestrador titular e dunha duración de 6 meses (183 días). Segundo o colectivo, isto supón un gran problema para o alumnado, que é que deben empregar un ano entre a finalización do Técnico Deportivo e o inicio do Técnico Deportivo Superior. Ademais supón un agravio comparativo en relación ás demais modalidades deportivas que non teñen este requisito, aínda que si outra proba de carácter específico, pero que non supón o emprego destes 6 meses. **A Administración resposta que é unha cuestión de normativa estatal.**

Por último, solicitamos que se articule e se solucionen os problemas de uso de ferramentas de xestión e programas como o XADE ao que este profesorado non ten acceso. **A Administración tratará de resolver estas cuestións.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE, POLA QUE SE DESENVOLVE O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO, POLO QUE SE REGULA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS QUE SE IMPARTEN AS ESINANZAS ESTABLECIDAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS SEGUINTES CURRÍCULOS:

- CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE PROCESAMENTO E TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA
- CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO DE CALZADO E COMPLEMENTOS DE MODA
- CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE QUÍMICA E SAÚDE AMBIENTAL
- CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE TERMALISMO E BENESTAR

Desde ANPE Galicia non imos a entrar en aspectos técnicos xa que ditos aspectos xa veñen suficientemente traballados polos especialistas. Facemos unhas consideracións moi xerais para os catro currículos e que son as que facemos habitualmente tanto na Mesa Sectorial como no Consello Escolar de Galicia.

Insistir na redución de rateos tanto nos módulos teóricos como nos módulos prácticos e a autorización de desdobres naqueles módulos prácticos que así o requiran por cuestións de prevención de riscos laborais por tratar materiais perigosos ou outro tipo de cuestións. **A Administración resposta que, na maioría dos casos, na práctica as rateos son xa por baixo do establecido nos currículos.**

Con respecto ao módulo de lingua estranxeira, desde ANPE Galicia demandamos que sexa impartido por profesorado especialista da lingua correspondente. Aproveitamos para preguntar á Administración se o feito de falar de módulo de inglés e non de módulo de lingua estranxeira (como se fai nos restantes casos) no currículo de técnico en Termalismo é intencional por parte da Consellería ou se debe a algún erro na redacción. **A Administración resposta que é unha translación do recollido no BOE do currículo estatal onde se recolle especificamente dito módulo.**

Demandamos que se priorice a formación do profesorado e a aposta pola elaboración de materiais didácticos propios.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 12:35 horas.

GALICIA